


# CIDADES A CORUÑA<sup>2</sup> NO TEMPO

DOSSIER  
DE PRENSA



Exposición  
12.07.2023—16.09.2023  
Sede Afundación A Coruña

[afundacion.org](http://afundacion.org)  
[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)





DE  
ELA

A CORUÑA




FERROL



LUGO



# A CORUÑA NO TEMPO



↗  
Fotos de Turismo de  
Galicia


***A Coruña no tempo* é a cuarta das mostras que se poñen en marcha no marco dun proxecto máis amplo, *Cidades no tempo*, que contempla unha exposición en cada unha das sete principais urbes galegas. Tras Santiago, Ferrol e Lugo, a proposta continúa o seu percorrido na Coruña co obxectivo de reivindicar a cultura urbana como compoñente clave da identidade de Galicia, traspasando os tópicos do seu carácter esencialmente rural.**

A iniciativa está organizada pola Xunta de Galicia, a través da Fundación Cidade da Cultura, coa colaboración de Afundación (Obra Social ABANCA), en cuxas sedes se ubican as exposicións en cada cidade.

O relato expositivo explora a cidade da Coruña dende as súas orixes ata a actualidade cunha combinación única de obxectos de alta cultura e cotiáns, obras de arte, documentación histórica, mapas e planos, recreacións virtuais, instalacións e escenografías, fotografías e publicacións.

*A Coruña no Tempo* aborda a urbe dende diversas perspectivas e a través de distintos enfoques, poñendo nun espazo común a cultura, a economía, a estética, o urbanismo, o lecer e o sentir dunha sociedade dinámica, emprendedora, liberal e marcada polas influencias internacionais que tiveron o porto como punto de





↑ Anteproxecto dun edificio destinado a Gran Casino Coruñés Antonio López Hernández. (Facsímile) Arquivo do Reino de Galicia

↑ Praza do Obelisco Colección Privada

➤ Diadema-Cinto do Tesouro de Elviña, século I a.C. Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón

➤ Plano da cidade da Coruña. Mantiñán, (1936) Colección privada

entrada. E é que o seu carácter marítimo non só tivo relevancia económica ao longo da historia, mesmo foi fundamental no desenvolvemento urbano da Coruña.

Tomando a Torre de Hércules como partida, o percorrido lévanos dende a Cidade Vella ás primeiras industrias e grandes iniciativas empresariais privadas (Inditex, Estrella Galicia...); dende a cidade das mulleres (María Pita, Isabel Zenda...) á cidade ilustrada (Curros Enríquez...). Moitas das pezas que artellan o relato desta exposición son resultado das investigacións realizadas nos últimos anos e que están transformando o coñecemento do pasado coruñés.

Á fronte do proxecto está Manuel Gago, doutor en Ciencias da Comunicación e director de culturagalega.gal do Consello da Cultura Galega. Para esta mostra conta

co asesoramento, como coordinador local, do xornalista e xestor cultural Rubén Ventureira.

Na exposición colaboran institucións relevantes para esta cidade, coleccións particulares e recoñecidas entidades empresariais. Entre outros, figuran como cedentes a **Biblioteca Pública da Coruña M. González Garcés, Biblioteca do Real Consulado, Arquivo Municipal da Coruña, Museo Arqueolóxico de San Antón, Museo de Belas Artes da Coruña, Museo de Arte Sacro Colexiata Santa María do Campo, Inditex, Banco Santander ou RC. Deportivo da Coruña.**



# Unha viaxe pola identidade urbana da Coruña



↑  
A, para, por...  
A Coruña.  
Moncho Borrado. 1998  
Colección de arte  
ABANCA

## Mitos e orixes

O relato expositivo de *A Coruña no Tempo* parte na súa primeira sección dunha recreación a través de ilustracións animadas (de Miguel Robledo e Miguel Peralta) da historia da **Torre de Hércules**, ao redor da que conviven dúas lendas distintas: unha orientada ao **Mediterráneo** e outra ao **Atlántico**. Achegámonos por unha banda ao mito de Hércules viaxando aos extremos do Mediterráneo para vencer ao rei Xerión e por outra á viaxe do pobo dos milesios dende Babel ata a fundación da cidade de Brigantia e a construción do faro.

## Tramas

A través deste apartado a mostra afonda (con documentos, planos, mapas, proxectos...) nas profundas transformacións urbanas da Coruña, condicionada pola súa **particular xeografía** a modo de península que se adentra no mar, o que contribuíu a un carácter urbano único. Esta sección tamén nos somerxe na organización da vida social ou nas grandes obras públicas.

- Abórdase a súa **expansión urbana** en competencia co veciño Burgo do Faro, núcleo urbano, pesqueiro e portuario e mesmo a súa **toponimia**, que garda a memoria do que foi a cidade.
- A historia do **porto** é fundamental para entender A Coruña como enclave estratéxico e económico. Dos proxectos para esta infraestrutura naceron espazos emblemáticos como os Xardíns de Méndez Núñez.
- Na Coruña naceu unha intensa industria e iniciativas empresariais de gran calado que fan especialmente desta urbe unha **cidade produtiva**.



## Escenarios

Nesta sección explórase (con obxectos históricos, obras de arte ou fotografías) a cidade como espazo de interacción e intercambio social. Destácase con estas pezas a vinculación da Coruña co poder real, que propiciou o asentamento de importantes figuras institucionais na cidade transformando a súa estrutura social.

- Faise referencia á creación de organismos como a **Casa da Moeda**, a **Capitanía Xeral** ou a **Real Audiencia do Reino de Galicia**, que se sumaron a outras institucións creando unha sociedade que non existía na Coruña, o funcionariado.
- A **educación** é outro dos puntos importantes do relato, de feito en 1803 fundouse na Coruña a primeira biblioteca pública de Galicia, a Biblioteca do Real Consulado.
- Na Coruña dáse un feito curioso, é unha cidade que rende especialmente homenaxe á **memoria civil** cun gran número de esculturas e bustos en recoñecemento a figuras de moi diversos eidos.

## Cidade narrada

Unha cidade está tan construída con edificios como con palabras. Adentrámonos aquí na relación da Coruña coa literatura ou os medios de comunicación, que constrúen o relato vivo da cidade. A exposición lévanos, por exemplo, dende os xornais máis lonxevos como *La Voz de Galicia* aos máis recentes como *La Opinión de A Coruña*.

## Cidade que nos contamos

Unha cidade son, sobre todo, as persoas que habitan nela e que constrúen as súas memorias persoais a través dos espazos compartidos por todos. Inclúense aquí relatos de varios persoeiros recoñecidos na Coruña: Pancho Gallego, Suso Martínez, Emilio Quesada, Ana Romero Masiá, Isabel Ruso e Xurxo Souto.

## Liña do tempo

Non pertence a ningunha sección en concreto, é unha sección transversal a toda a mostra. Este apartado permítenos facer insercións nalgunha historia relacionada coa cidade a través de distintas pezas.

↑  
Escudo da Coruña.  
Porta da Torre de Arriba (Murallas da Coruña) século XVII  
Museo de Belas Artes da Coruña ( Depósito en Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón)

↑  
Ilustración de Miguel Robledo

↖  
Baño de luz.  
José Seijo Rubio (1923)  
Complejo Hospitalario Universitario da Coruña

↖  
Grandes festas en agosto de 1927.  
Kiosko Alfonso (Concello da Coruña)




# Pezas destacadas

## Documentación histórica

### Documentos fundacionais da cidade

A mostra rastrea as raíces da identidade coruñesa, liberal e emprendedora, reunindo os documentos clave da fundación da cidade. A Coruña diferénciase doutras urbes por nacer cunha menor influencia do clero ou a nobreza que outros puntos de Galicia. Non se conserva o orixinal da coñecida como 'carta puebla' concedida por Alfonso IX en 1208, pero nunha confirmación posterior de Sancho IV (1286) indicábase con respecto ao territorio da Coruña **que non recibisen na vila por veciños militares, nin monxes, salvo os de Sobrado**. Conservada no Arquivo Municipal.



↑ Nesta carta de Sancho IV datada en 1286 (confirmación do privilexio de Fernando III de 1235) favorécese á Coruña en detrimento do veciño Burgo do Faro, un núcleo urbano e pesqueiro vinculado aos intereses da gran aristocracia galega. No texto ordénase ao comendador de Faro **que desfaga a pobra do Burgo, perxudicial para A Coruña**. Arquivo Municipal.



### O primeiro libro que se imprimiu na Coruña

Este libro que recolle as ordenanzas da Real Audiencia do Reino de Galicia (1679) é unha valiosa testemuña da aparición na cidade das institucións, sendo sede do principal organismo xurídico de Galicia durante séculos. É o primeiro libro que se imprimiu na Coruña do que hai constancia. Pertence a unha colección privada.

### Mapa da epidemia no S.XVI

Un excepcional documento para entender o tipo de comunicacións urxentes da época. Este é un bosquexo de 1598 da zona do Reino de Galicia afectada pola peste que se lle envía ao rei para informar da súa evolución. Aparecen cunha cruz as localidades afectadas, e curiosamente A Coruña resiste a epidemia a pesar de ter porto. Arquivo Xeral de Simancas.






## Cidade marítima - o porto - a Torre de Hércules

1772 «Paquebote da Súa Maxestade nomeado o Pizarro.» *Arquivo de Indias*. Este diario de viaxe coas notas do capitán é un documento de gran valor porque mostra como eran os barcos que facían as comunicacións cando se lle concedeu á Coruña ser sede dos correos marítimos con América (1764). Foi un gran salto na evolución da cidade ter contacto con América a través do seu porto.



PLAN DA TORRE DE HÉRCULES  
Anónimo  
En Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la llamada Torre de Hércules situada a la entrada del puerto de La Coruña  
José Cornide de Folgueira 1792  
Biblioteca da Casa do Consulado de A Coruña



Diario de navegación, desde el Puerto de Coruña, a la Isla de Cuba, y sus Escalas, abordo del Paquebote, de S. M. nombrado el Pizarro, = Año de 1772 =

**A restauración da Torre de Hércules supuxo o gran proxecto da ilustración na Coruña e en Galicia.** A súa recuperación para a navegación comercial foi o primeiro cometido do Real Consulado da Coruña, fundado en 1785. Nel resultou fundamental o ilustrado coruñés José Cornide, que optou por non derrubala de tal maneira que a reforma protexeu a fábrica romana, garantindo a súa conservación ata hoxe. Chama a atención o documento coa relación de gastos da obra de restauración levada a cabo por Giannini de 1788 a 1790, porque mostra o detallado e exhaustivo control sobre o proxecto.

Real Consulado de la Coruña. Año de 1783. Obras Idráulicas y otras Comercio de ellas

Estado de los Caudales imbertidos en la obra de reparacion de la torre de Hércules en todo el estado año de 1788.

Mes	Compras de Materiales y otros										CAMBIO									
	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	Caracas	
Jan.	24	25	26	27	28	29	30	31	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	
Feb.	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	
Mar.	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Abr.	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Mayo	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Jun.	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Jul.	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Agosto	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Sept.	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Oct.	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Nov.	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Dic.	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	
Total	1111	1122	1133	1144	1155	1166	1177	1188	1199	1200	1211	1222	1233	1244	1255	1266	1277	1288	1299	

Quien queda demostrado en las sumas de las columnas que componen este Estado, que en el estado de la mencionada obra de reparacion de la Torre de Hércules en todo el estado año de 1788, se consumieron sumas y cose, en total, cantidad de 1111 y 1122 reales, y en otros años de este año, con fecha 31 de Diciembre de 1788. Hecho en la Coruña a 31 de Diciembre de 1788.

Estado de los caudales imbertidos[sic] en la obra de reparacion de la torre de Hércules en: relación de gastos de la obra de restauración de la torre de Hércules Eustaquio Giannini 1789 Biblioteca da Casa do Consulado da Coruña



Biblioteca da Casa do Consulado da Coruña

A mellora das infraestruturas portuarias co reto de construír un porto importante fixo que cambiara a fachada da cidade. Os planos permiten comprender esa **integración entre o espazo industrial e o de lecer, un gran reto que afrontou A Coruña no S.XIX.** Os xardíns de Méndez Núñez, que aparecen nesta proposta deseñada polo enxeñeiro Celedonio de Uribe entre 1861 e 1870, son un exemplo dese desenvolvemento urbano paralelo ao porto.

## Fotografías históricas



### De pequena industria a gran polo industrial en 40 anos

A gran escala e gran resolución atopamos na exposición estas dúas imaxes panorámicas da Coruña tomadas practicamente dende o mesmo punto pero con case 40 anos de diferenza. Unha oportunidade para comprobar polo miúdo a gran evolución que experimentou a urbe neses anos. Case a modo de película podemos ver diferenzas tales como o paso dos barcos veleiros aos de vapor ou a aparición do tren. A imaxe de Avrillon (1860) considérase a primeira panorámica da cidade.



Primeira fotografía panorámica da Coruña. Avrillon (1860).  
Museo de Belas Artes da Coruña



Panorámica da Coruña. Sellier (1899) Colección privada



### A gran testemuña gráfica da chegada da República a Galicia

Na exposición reproducécese a gran escala, de maneira que se poidan recoñecer rostros, esta foto do 14 de abril de 1931. Esa tarde a nova corporación municipal saíu aos balcóns de María Pita para anunciar o novo réxime. A imaxe apareceu reproducida nos xornais da época. Colección privada.



## Obxectos de alta cultura

### Dos Alpes á Coruña. Unha historia de 7.000 anos

A peza máis antiga da exposición é este machado de xadeíta localizado por Lugrís Freire preto das mámoas de Monte Alberto (Elviña). Unha recente investigación determinou que procede de canteiras dos Alpes. Alí foi tallado hai 7.000 anos. O feito de que aparecera na Coruña un obxecto dun lugar tan remoto deixa constancia das relacións comerciais nunha época tan distante. Real Academia Galega.



### A xoia do Barroco coruñés

Esta custodia de Mariana de Neoburgo (anterior a 1695) é a peza máis importante do Barroco na Coruña. Cun extraordinario valor estético, é testemuña do papel da cidade como espazo de referencia da Coroa en Galicia. E é que a cidadanía agardou a chegada da que sería a raíña consorte de Carlos II convertendo eses días nunha gran festa. A peza foi enviada pola Corte en agradecemento pola hospitalidade do pobo e é moi prezada polos coruñeses. Consérvase na Colexiata de Santa María do Campo, a principal igrexa da Cidade Vella.

### A mellor representación téxtil do escudo do Reino de Galicia


Esta Bandeira das Alarmas conservada no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón representa a participación da sociedade civil na defensa do territorio galego durante a Guerra da Independencia. Supón a mellor representación téxtil do escudo do Reino de Galicia ata a segunda metade do século XX. E é que se tardou 150 anos en elaborar outra representación tan detallada.



## Cidade produtiva-empresarial

### Fachada da primeira tenda de Zara

Instalación que reproduce a fachada da primeira tenda de Zara que Inditex abriu en 1975 na rúa Juan Flórez 64-66. Inditex é hoxe parte da propia identidade que a cidade proxecta ao mundo.




### Plano de 1963 da planta da cervexería de Estrella Galicia

Habilitada no mesmo lugar onde estivo a súa antiga fábrica. Construíuse despois de que esta se trasladara ao polígono de A Grela en 1960. Arquivo Municipal da Coruña.



### Libro de rexistro de empregadas da Fábrica de Mistos

Símbolo da cantidade de man de obra, sobre todo feminina, que precisaron as emerxentes industrias da Coruña. Arquivo Municipal da Coruña.



### Ordenador con disco duro instalado no Banco Pastor

Símbolo da primeira informatización do mundo bancario e financeiro, un sector que se desenvolveu de maneira destacada na Coruña. Cedido polo Banco Santander.



## A Coruña a través das festas, o turismo, a memoria civil e o deporte


### Cartelería do verán coruñés

Ao longo de máis de cen anos, o **verán coruñés** convertiuse na principal imaxe da cidade cara ao exterior. A exposición dedica unha parte a celebrar a Coruña, a través da reprodución de numerosos carteis de varias épocas, como unha urbe que se viste de gala no verán para propios e foráneos. De feito, ten unha das programacións culturais máis estables en Galicia: San Xoán, Feira do Libro, Teresa Herrera... A través destas publicidades fíxose sumamente popular o lema "ninguén é foráneo na Coruña".



### Columbario – estrutura expositiva con 20 bustos e esculturas

A Coruña garda unha gran **memoria civil**. Resulta curioso como esculturas e bustos conmemoran por toda a cidade figuras que representan valores cívicos de resistencia, heroísmo, filantropía, curiosidade científica, creatividade artística ou idealismo político e social. Esta instalación a modo de galería dá boa conta de como foi cambiando a tipoloxía de heroes para a cidadanía coruñesa.



### O título esquecido

Hai escasos meses que a Real Federación Española de Fútbol recoñeceu a oficialidade deste título, a **Copa de España de fútbol de 1912 gañada polo Deportivo da Coruña**. O club conservaba o trofeo dende hai 111 anos . É a primeira vez que se mostra despois desa oficialización. O fútbol e o Deportivo forman parte da identidade coruñesa.



# Experiencia interactiva e audiovisual

## O Miradoiro

Atopamos durante o percorrido unha gran mesa con contido audiovisual e interactivo que nos permite mergullarnos na evolución da Coruña nas súas diferentes épocas. A tecnoloxía permite aplicar as pezas documentais e obxectos nun infográfico, cunha cartografía a grande escala da cidade.



## Padróns

A exposición conta cun apartado especial onde se nos permite explorar, a través de fotografías, as pautas que definen a gramática visual da cidade. Nestas imaxes, que se amosan en caixas de luz, podemos ver a importancia na Coruña das súas míticas **galerías**, facendo un repaso polo **racionalismo**, o **modernismo** e a **construción vertical**.



## Audiovisual - Toponimia

Baixo a trama urbana da cidade existe unha fascinante toponimia que garda a memoria do que foi antes. A exposición mostra un vídeo que nos permite explorar A Coruña dende esta perspectiva, baseado nunha investigación de Iván Méndez.





# Comisariado

## Comisario:

### Manuel Gago Mariño

Manuel Gago Mariño é doutor en Ciencias da Comunicación pola USC, director da plataforma de divulgación cultural *culturagalega.gal* do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

Especializado na confluencia entre cultura e tecnoloxía, e pioneiro de novos formatos dixitais de comunicación cultural desde finais dos anos 90, é responsable de numerosas iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural, ademais de colaborador dos principais medios de comunicación do país, como La Voz de Galicia,



a Radio Galega, El Progreso ou o Diario de Pontevedra. Como comisario de exposicións, Gago ten traballado con algunhas das máis relevantes institucións do ámbito galego e xestionado pezas dos máis destacados centros internacionais. Foi responsable das mostras *Ao pé do lar: memorias da cociña* (Fórum Gastronómico / Museo do Pobo Galego, 2010), *Galicia 100. Obxectos*

*para contar unha cultura* (Consello da Cultura Galega, 2016), *Alba de Gloria de Castelao: unha experiencia* (Consello da Cultura Galega, 2018) e *Galicia, un relato no mundo* (Fundación Cidade da Cultura, 2019).

Como ensaísta e escritor, Gago ten publicado libros con éxito de público, entre os que destacan o ensaio *Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI* (2.0 Editora, 2012) co arqueólogo Xurxo Ayán, o libro de narrativa *Vento e Chuvia. Mitoloxía antiga de Gallaecia* (Xerais, 2013) e as novelas *O Anxo Negro* (Xerais, 2016), *O exército de fume* (Xerais, 2016) e *Nus* (Xerais, 2021).

Foto: Soledad Felloza

## Comité científico xeral:

- **Miguel Pazos Otón.** Doutor en Xeografía. Profesor Titular de Xeografía Humana na USC
- **Cristina Sánchez-Carretero.** Antropóloga. Doutora pola Universidade de Pennsylvania. Científica titular do Instituto de Ciencias de Patrimonio (Incipit) do CSIC.

- **Xaquín Núñez Sabarís.** Doutor en Filoloxía Hispánica. Profesor titular do Departamento de Estudos Românicos da Universidade do Minho.



### Coordinadora local: Rubén Ventureira

Xornalista, xestor cultural e comisario de exposicións. Rubén Ventureira Novo (A Coruña, 1971) é autor de publicacións como *Picasso Azul y Blanco. A Coruña: el nacimiento de un pintor* (Fundación Rodríguez Iglesias, 2014) ou *Calendario Histórico de A Coruña* (Asociación da Prensa da Coruña, 2017-2021). Coordinou do libro *A cidade das mulleres. Veciñas ilustres da Coruña. Vol 1* (Asociación da Prensa da Coruña, 2021). Comisariou exposicións como *Urbano Lugo. Paredes soñadas* (Afundación, A Coruña 2017), *Fernando Rey. Cabaleiro do cinema*

(Kiosco Alfonso, A Coruña, 2017), *Picasso. Visto por Edward Quinn* (Museo Picasso de Buitrago de Lozoya, 2017), *Gumersindo Pardo Reguera. Inspirador de Picasso* (Museo Provincial de Lugo, 2016) ou *Valor e mestría. Galicia como fútbol* (Cidade da Cultura, 2019). Ademais –de 2013 e 2015– foi coordinador xeneral do Acontecemento de Excepcional Interese Público. A Coruña. 120 anos despois – conmemorativo do 120 aniversario da primeira exposición de Picasso–, que constou de oito exposicións. É comisario da exposición *Picasso, blanco en el recuerdo azul* (Museo de Belas Artes da Coruña, 2023).

## Comité científico local:

• **Xulia Santiso Rolán.** Casa Museo Emilia Pardo Bazán. Xestora e museóloga.

• **Xosé Alfeirán Rodríguez.** Profesor e catedrático de Xeografía e Historia no Ensino Secundario, historiador, comisario de exposicións e divulgador histórico-cultural.


• **Alfredo Vigo Trasancos.** Catedrático de Historia da Arte da USC.

• **Felipe-Senén López Gómez.** Arqueólogo e museólogo.

• **Xurxo Souto.** Músico, escritor e profesor de latín.

• **Ana Romero Masía.** Doutora en Historia e catedrática de Xeografía e Historia no Instituto Monte das Moas da Coruña.

• **Jesús Ángel Sánchez García.** Catedrático de Historia da Arte na USC e especialista en historia da arquitectura e do urbanismo en Galicia dos séculos XVIII ao XX



## Calendario

Cidade	Sede	Datas da exposición
Santiago de Compostela (REMATADA)	Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19)	03/06/2022 - 10/09/2022
Ferrol (REMATADA)	Sede Afundación Ferrol (Plaza Constitución s/n)	18/11/2022 - 18/01/2023
Lugo	Sede Afundación Lugo (Praza Maior, 16 / Praza Santa María, s/n)	28/03/2023 - 21/05/2023
A Coruña	Sede Afundación A Coruña (Cantón grande, 8)	<b>12 Xullo -16 Setembro 2023</b>
Vigo	Sede Afundación Vigo (Policarpo Sanz, 24 - 26)	Outubro 2023 - Xaneiro 2024
Ourense	Sede Afundación Ourense (Praza Maior, 4)	Marzo 2024 - Maio 2024
Pontevedra	Café Moderno Afundación Pontevedra (Rúa Augusto González Besada, 2)	Xuño 2024 - Setembro 2024

## Catálogo

Cada exposición conta con cadanseu catálogo que segue a estrutura da propia mostra, nun formato moi visual. Poderanse adquirir, a modo de colección, cun estoxo para gardalos.

Estrutura:

– **Textos institucionais comúns a todos os catálogos de 'Cidades no tempo'**

- Presidente da Xunta de Galicia
- Presidente de Afundación
- Texto comisario: Manuel Gago

• Textos asesores :  
– Miguel Pazos Otón.  
*Urbanización e cambio nas cidades galegas*

– Xaquín Nuñez Sabarís. *Cidades, que cidade? mapas, imaxinarios, representacións*

– Cristina Sánchez-Carretero.  
*Escoitar e habitar a cidade patrimonial*


**Textos específicos**

**'A coruña no tempo'**

• Conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, **Román Rodríguez**

• Texto comisario : **Manuel Gago.**  
*A cidade que non cesa.*

• Texto coordinador local: **Rubén Ventureira.** *Os espíritos da cidade.*





# Créditos

## XUNTA DE GALICIA

Presidente  
Alfonso Rueda Valenzuela

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

Conselleiro  
Román Rodríguez González

Secretario Xeral Técnico  
Manuel Vila López

Director Xeral de Cultura  
Anxo Manuel Lorenzo Suárez

## Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Directora Xerente  
Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora de Acción Cultural  
María Pereira Otero

Director de oficina técnica  
Benito García Caramés

Director económico financeiro  
Santiago González Prado

## Fondo Gaiás da Empresa Galega

### AFUNDACIÓN

Presidente  
Miguel Ángel Escotet Álvarez

Vicepresidente  
Xosé Carlos Caneiro Pérez

Director Xerente  
Pedro Otero Espinar

### Área de Cultura Afundación

Coordinadora  
M.<sup>a</sup> Teresa Cores Fernández

Coordinadora Adxunta  
Paloma Vela Garicano

Rexistro

Departamento de conservación e  
restauración de ABANCA

## EXPOSICIÓN

COMISARIO  
Manuel Gago Mariño

COORDINADORA LOCAL  
Rubén Ventureira

ASESORES  
Alfredo Vigo Trasancos, Ana  
Romero Masía, Xulia Santiso, Xosé  
Alfeirán Rodríguez, Felipe Senén,  
Xurxo Souto

COORDINACIÓN EXPOSICIÓN  
Fundación Cidade da Cultura de  
Galicia  
Afundación

COMUNICACIÓN E MÁRKETING  
Fundación Cidade da Cultura de  
Galicia  
Afundación

DIDÁCTICA-MEDIACIÓN  
Afundación

DESEÑO DE MONTAXE  
Insólito Diseño+Producto

DOCUMENTACIÓN  
Dehistoria. Historia. Cultura.  
Patrimonio. S.L.L.

SOFTWARES INTERACTIVOS  
Xoia Software Development S.L.

ILUSTRACIÓN  
Miguel Robledo

FOTOGRAFÍAS  
Ovidio Aldegunde

AUDIOVISUAL  
Miramemira

REXISTRO SONORO  
Ab Origine

ANIMACIÓN  
Jorge Costas

DESEÑO GRÁFICO  
Desoños

MONTAXE  
Idea Gráfica  
Carpintería Moure

GRÁFICA  
Acanor

TRANSPORTE  
Jega

SEGUROS  
ABANCA

## PUBLICACIÓN

EDITA  
Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e  
Universidades  
Fundación Cidade da Cultura de  
Galicia

COORDINACIÓN EDITORIAL  
Fundación Cidade da Cultura de  
Galicia

DESEÑO E MAQUETACIÓN  
Desoños

TRADUCCIÓN E REVISIÓN  
Interlingua

IMPRENTA  
Agencia Gráfica

# Entidades organizadoras

## Cidade da Cultura de Galicia



A Cidade da Cultura impulsa proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía, en continua conexión coa esfera internacional. Concibida polo arquitecto Peter Eisenman na cima dos montes que rodean Santiago de Compostela,

esta cidade parece xurdir da terra como icona arquitectónica da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo acolle cinco centros destinados á cultura, ao emprendemento, á tecnoloxía e á investigación e colaboración interuniversitaria: o Museo Centro Gaiás, a Biblioteca e Arquivo de Galicia, o Centro de Emprendemento Creativo, o Centro de Innovación Cultural (CINC) e o Edificio Fontán, todos eles vinculados á Consellería de Cultura, Educación e Universidade

do goberno galego, a Xunta de Galicia. Ademais, o complexo conta con grandes espazos verdes nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable ou asistir a espectáculos ao aire libre. A beleza e flexibilidade do Museo Centro Gaiás convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura. Conta cunha superficie expositiva distribuída en tres plantas superiores e un gran espazo multifuncional na planta inferior, que permiten materializar proxectos de moi diversa natureza. Ademais de exposicións, o museo acolle espectáculos de artes escénicas, como 'Escenas do Cambio' o WOMEX, a feria de *world music* máis importante do mundo e outro tipo de eventos de gran formato, como o Spin, a maior cita de emprendemento universitario de España, Portugal e América Latina

## Afundación (Obra Social ABANCA)


Afundación, a Obra Social de ABANCA, é unha institución privada e sen ánimo de lucro que se define polo seu firme compromiso social e a súa vocación de servizo dentro e fóra de Galicia. Afundación é un axente de transformación fundamental para a súa contorna que, a través da acción nos seus catro eixos estratéxicos de educación, maiores, cultura e voluntariado, posibilita o desenvolvemento integral das persoas, buscando impulsar unha sociedade máis xusta e comprometida, dinamizando a innovación social, a transformación dixital e a sostibilidade de xeito transversal.

A cultura, entendida en Afundación como o elemento vertebrador esencial para a promoción do coñecemento, constitúe un dos seus eixos estratéxicos, en cuxo contexto as artes plásticas gozan dunha destacada relevancia. A Obra Social de ABANCA conta cunha consolidada traxectoria expositiva que se desenvolve

nas súas sedes das sete cidades galegas, e na que as mostras arredor da súa colección de arte, declarada pola Xunta de Galicia como Ben de Interese Cultural (BIC), ocupan un lugar preeminente, consonte a súa vocación museística. A elas cómpre engadir innovadores proxectos de programación propia e de propostas en colaboración con outras entidades, tanto de ámbito autonómico, coma nacional e internacional, que contribúen á dinamización da cultura en Galicia e desde Galicia.

Esta vocación de potenciación cultural levou á Afundación a ampliar a súa acción expositiva a través do programa «Corrente cultural», mediante o que se desenvolven mostras alén dos seus espazos propios, transcendendo os circuitos culturais tradicionais, grazas ao establecemento de marcos colaborativos con ABANCA, mecenas único de Afundación, e numerosos concellos de toda Galicia.





# A CORUÑA NO TEMPO

Exposición

12.07.2023—16.09.2023

Sede Afundación A Coruña

[afundacion.org](http://afundacion.org)

[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)

